

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN OURENSE

2ª MESA = FRUSTRACIÓN 🙄

A patronal fai ouvidos xordos e non quere entender nada.

En Ourense non somos traballadores e traballadoras de segunda

 CHEGOU O MOMENTO DE EQUIPARAR AS CONDICIÓNS DO NOSO CONVENIO COAS DO RESTO DAS PROVINCIAS.

Xa abonda de desculpas e lamentacións por parte dunha patronal que se caracteriza por uns beneficios espectaculares no sector da alimentación e ten o seu persoal cobrando o SMI.

Máis salarios - Máis complementos
Menos xornada - Sábados de calidade:

É o que teñen os demais e parece que non serve para Ourense.

 Despois do desastre da última reunión, onde parecía que querían rir de todos, o día 23 de abril, a patronal traerá unha nova proposta.

 Desde CCOO non estamos para que nos tomen o pelo nin para que se rían dos traballadores e traballadoras de Ourense.

 Se volven cunha proposta ridícula ou indignante, non quedará máis remedio que facerlles entender que ASÍ NON IMOS A NINGURES.

 CCOO propondrá ao resto das centrais sindicais, desde a unidade de acción, unha determinación que faga ver á patronal a indignación que teñen os cadros de persoal, e que non están dispostos a ser menosprezados.

09.04.2025